

INFORMACIÓN XERAL SOBRE A PRESENTACIÓN DE DEMANDAS POR INVESTIMENTOS EN PRODUTOS FINANCEIROS

1.- INTRODUCCIÓN

Cando un cidadán decide efectuar unha reclamación xudicial de cantidade nos supostos de subscrición de preferentes ou subordinadas, o noso sistema xurídico esixe que se realice coa asistencia dun avogado/a e baixo a representación dun procurador/a cando a cantidade sexa superior aos 2.000 euros. Estes serán de libre elección se o demandante non ten dereito a litigar gratuitamente. Se, pola contra, ten dereito a este beneficio, deberá solicitar que se lle recoñeza o referido beneficio, e neste caso o avogado e procurador asignaráselle por unha quenda preestablecida.

Neste apartado pódese atopar información acerca do tipo de procedemento xudicial a seguir dependendo da contía, así como dos requisitos para o acceso a xustiza gratuíta entre outras cousas. Facilítase ademais o acceso aos formularios relacionados con este tipo de procedemento así como a un fluxograma do mesmo.

O Consello Xeral do Poder Xudicial acordou constituír un xulgado de reforzo dos xulgados de 1ª instancia nas cidades da Coruña e Vigo, que se dedicarán preferentemente ao coñecemento deste tipo de demandas.

2.- PROCEDEMENTO XUDICIAL EN RELACIÓN COAS PREFERENTES

A xurisdición competente é a civil. Cando a reclamación sexa de máis de 2.000 euros é necesaria a intervención de avogado e procurador.

Dependendo da contía do procedemento, os trámites seguiranse por:

- a) Xuízo verbal: ata 6.000 €
- b) Procedemento ordinario: máis de 6.000 €

✓ **Necesidade de avogado e procurador:**

- Verbal: ata 2.000 € non son necesarios estes profesionais. A partir desta cantidade, si.
- Ordinario: sempre é preceptiva a intervención de avogado e procurador.

3.- RECLAMACIÓN XUDICIAL

- a) **SUPOSTO EN QUE NON SE TEÑA DEREITO AO BENEFICIO DE XUSTIZA GRATUÍTA.-** No suposto de que a persoa afectada non teña dereito ao beneficio da xustiza gratuíta, cómpre dirixila ao avogado ou despacho de avogados da súa elección para expor o seu caso, a fin de que lle preparen a correspondente demanda xudicial.
- Para poder formalizala deberalle aboar de forma previa unha taxa xudicial á Facenda estatal, nos seguintes termos:

Xuízo verbal ata 2.000 €	EXENTO
Xuízo verbal de máis de 2.000 €	150 € + 0,10% da cantidade reclamada
Xuízo ordinario	300 € + 0,10% da cantidade reclamada
Recurso de apelación	800 € + 0,10% da cantidade reclamada

Como se pode apreciar, a cada unha das cantidades fixadas de antemán cómpre **engadirlle o 0,10% da contía** do procedemento: é dicir, se por exemplo reclamamos 10.000 €, deben aboarse en concepto de taxa 310 € (300 € + 0,10% de 10.000, que son 10 €).

No caso de utilizar medios telemáticos para a presentación da demanda, haberá unha **bonificación do 10%** do importe da taxa.

Por outra banda, hai dous supostos nos que pode haber unha **devolución de parte da taxa**:

- Se o demandado se achantase totalmente á demanda ou se alcanzase un acordo que poña fin o litixio, a devolución será do **60%** do importe da taxa.
 - Se houberse unha acumulación de procedementos, a devolución será do **20%**.
- b) **SUPOSTO DE LITIGAR CO RECOÑECIMENTO DO DEREITO AO BENEFICIO DE XUSTIZA GRATUÍTA.-** No suposto de que a persoa afectada teña dereito ao beneficio da xustiza gratuíta, cómpre dirixila cara ao SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA que ten cada colexio de avogados, onde será informada e se lle axudará a cubrir a solicitude correspondente, canda a que deberá achegar a documentación que acredite a súa situación económica e laboral (fundamentalmente copia da declaración da renda, Seguridade Social...) ou, se non, autorizar que se poida consultar a súa situación neste sentido nas bases de datos destes organismos.
- A dita solicitude remíteselle a unha comisión presidida por un fiscal e composta, amais, por un avogado, un procurador e un letrado da Xunta de Galicia, que a aprobará ou denegará.

No caso de aprobación designaráselle pola quenda correspondente o avogado e procurador, que a continuación se encargarán dos trámites xudiciais pertinentes.

Neste suposto estaría exenta do pagamento da taxa xudicial.

c) **QUEN TEN DEREITO AO BENEFICIO DE XUSTIZA GRATUÍTA?**

O artigo 3 da Lei de asistencia xurídica gratuíta establece os **requisitos básicos** para a obtención do dereito, nos seguintes termos:

1. Recoñecerase o dereito de asistencia xurídica gratuíta a aquelas **persoas físicas** que, carecendo de patrimonio suficiente, conten cuns recursos e **ingresos económicos brutos**, computados anualmente por todos os conceptos e por unidade familiar, que non superen os seguintes limiares:

a) Dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente no momento de efectuar a solicitude, cando se trate de persoas non integradas en ningunha unidade familiar. **(1 persoa → 2 IPREM: 12.780,26 €)**

b) Dúas veces e media o IPREM vixente no momento de efectuar a solicitude, cando se trate de persoas integradas nalgunha das modalidades de unidade familiar con menos de catro membros. **(2-3 persoas → 2,5 IPREM: 15.975,33 €)**

c) O triplo do dito indicador, cando se trate de unidades familiares integradas por catro ou máis membros. **(4 ou máis persoas → 3 IPREM: 19.170,39 €)**

2. Constitúen **modalidades de unidade familiar**:

a) A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber, polos fillos menores, con excepción dos que estivesen emancipados.

b) A formada polo pai ou a nai e os fillos que reúnan os requisitos a que se refire a regra anterior.

O importe do IPREM (6.390,13 euros anuais) que se está a ter en conta nas comisións de asistencia xurídica gratuíta é o establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, referido a 12 mensualidades.

Ademais dos ingresos brutos que perciba o solicitante do beneficio de asistencia xurídica gratuíta, barállanse tamén outros factores¹.

¹ Así, o artigo 4 da Lei 1/1996 establece a **exclusión por motivos económicos**:

1. Para os efectos de comprobar a insuficiencia de recursos para litigar, terase en conta, ademais das rendas e outros bens patrimoniais ou circunstancias que declare o solicitante, os **signos externos** que manifesten a súa real capacidade económica, negándose o dereito á asistencia xurídica gratuíta se os ditos signos, desmentindo a declaración do solicitante, revelan con evidencia que este dispón de medios económicos que superan o límite fixado pola lei.

**ENDEREZOS DOS SOXs (SERVIZOS DE ORIENTACIÓN XURÍDICA) DOS SETE
COLEXIOS DE AVOGADOS DE GALICIA (POR PROVINCIAS)**

1. A CORUÑA

- ✓ SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA
R/ Monforte, s/n, 4º – Edificio Xulgados
15007 A Coruña
Teléfono: 981 185 179
- ✓ SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL
R/ Coruña, s/n – Pazo de Xustiza
15401 Ferrol
Teléfono: 981 359 236
- ✓ SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO
R/ Eduardo Pondal, nº 4, baixo
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 581 713

2. LUGO

- ✓ SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DE LUGO
R/ Pascual Veiga, nº 2
27002 Lugo
Teléfono: 982 241 007

3. OURENSE

- ✓ SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DE OURENSE
R/ do Concello, nº 22
32003 Ourense

2. Para valorar a existencia de patrimonio suficiente terase en conta a **titularidade de bens inmobles sempre que non constitúan a vivenda habitual do solicitante**, así como os rendementos do capital mobiliario.

En relación co capital mobiliario, cómpre dicir que se este se refire a preferentes ou subordinadas, non se terá en conta, xa que neste caso non está a producir ningún xuro, e ademais incluso se está en risco de perda do capital.

Teléfono: 988 210 076

4. PONTEVEDRA

- ✓ **SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DE PONTEVEDRA**
R/ Rosalía de Castro, nº 5 – Edificio da Audiencia de Pontevedra
36001 Pontevedra
Teléfono: 986 896 866

- ✓ **SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DE VIGO**
R/ Lalín, nº 4 – Edificio dos Xulgados
36209 Vigo
Teléfono: 986 234 652